

# Annette Kolb



*Ilustración: VANESSA SOMOZA*

**Nome real:** Anna Mathilde Kolb. Annett Kolb

**Data e lugar de nacemento:** Munich 1870

**Data e lugar de falecemento:** Munich 1967

**Dereitos humanos polos que loita:** pola paz entre os pobos.

## **1 Biografía**

O seu nome real era Anna Mathilde Kolb. Annett Kolb naceu en Munich 1870 e morreu na mesma cidade no ano 1967. Pertencía a unha familia acomodada e culta, o seu pai era arquitecto alemá e a súa nai pianista de orixe francés. Esta mistura alemá e francesa familiar será de moita influencia na traxectoria de Annette Kolb. Unha traxectoria que comeza con 19 anos cando autofinancia a publicación do seu primeiro libro.

Durante a Primeira Guerra Mundial manterá as súas posicións por un entendemento entre Alemaña e Francia. As súas declaracións a prol do pacifismo, levárona ao exilio en Suíza en 1916. Non volverá a Alemaña ata 1923, onde terá un papel importante dentro da literatura da época. Kolb tamén participou nas reunións do Cercle de Colpach (Círculo de Colpach) durante a década de 1920, dirixida por Aline Mayrisch en Luxemburgo. Deste grupo partía a idea de fomentar encontros culturais entre europeos occidentais para promover as relacións franco-alemás como núcleo dunha futura unificación pacífica europea.

Os libros de Annett Kolb pertencen literariamente á clasificación denominada como German Exilliteratur, que está formado por todas aquelas obras de autores e autoras anti-nazis escritas entre 1933 e 1945. A maioría deles víronse obrigados que deixar o país cando o partido nazi chegou ao poder no 1933. Así o fixo Annett Kolb fuxindo a París despois de que os seus libros foran prohibidos e queimados. Alí obtería a nacionalidade francesa en 1936. En 1941 marchou a New York. Pasada a Segunda Guerra Mundial, regresa a Europa para seguir vivindo en París e Munich e seguir tendo actividade literaria e política.

## **Recoñecementos**

Do 1922 ao 1933, na época chamada de entre guerras, é a súa época máis produtiva. Goza de gran recoñecemento tanto entre os lectores como entre os críticos, figurando ao mesmo nivel que autores tan recoñecidos como Thomas Mann, Hermann Hesse ou Stefan Zweig. Deses anos é o seu ensaio

Beschwerdebuch (Libro de queixas) (1932), onde fai unha condena dos nazis, así como dos seus seguidores.

Á volta do exilio recibirá innumerables recoñecementos e medallas por parte tanto de Francia como de Alemaña: Orde do Mérito de Baviera, a Grande Cruz do Mérito con Estrela da República Federal de Alemaña, o premio Goethe da cidade de Frankfurt (Goethepreis der Stadt Frankfurt) e será nomeada Cabaleiro da Lexión de Honor (Chevalier de la Légion d'honneur) francesa.